

A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA REITERA A SÚA DENUNCIA POLOS DESTROZOS QUE SE ESTÁN A PRODUCIR NO CAUCE DO RÍO VERDUGO NO CONCELLO DE A LAMA

A Asociación Pola Defensa da Ría presentou, en decembro de 2007, unha denuncia diante das Consellerías de Medio Ambiente e de Política Territorial, polos danos producidos polo inicio das obras de construción da plataforma dunha pista entre as aldeas de Seixido e O Pelete, no Concello de A Lama, no cauce alto do Río Verdugo; os danos consistiron no lanzamento de grandes bloques de rocha e grandes cantidades de áridos á canle, danos á vexetación do bosque de ribeira e a eliminación da canle dun antigo muiño; poucas semanas despois de iniciarse as obras, en 2003, estas foron abandonadas e así seguen na actualidade. Estas actuacións produciron un forte impacto no ecosistema e na paisaxe, tal e como se detallou na denuncia; pero ademais, a acumulación de grandes cantidades de terra nunha ladeira de forte pendente, sen medidas de estabilización, supón un serio risco de esvaramento xa que estes materiais poderían caer a favor de pendente e ocupar a canle do río si se dan situacións que faciliten este esvaramento como poden ser unhas precipitacións de grande intensidade.

Dende a presentación da denuncia, non se ten producido ningunha modificación que mellore a situación do cauce alto do Río Verdugo; non se ten iniciado ningunha actuación orientada á corrección dos danos ambientais e ao patrimonio nin a reducir o risco de esvaramento nin se ten identificado nin moito menos sancionado aos responsables dos danos.

Mentres a situación de degradación se acentúa, a plataforma que se tiña construído segue a ser erosionada chegando bloques de rochas e grandes cantidades de áridos á canle do río, a vexetación non se ten recuperado e as especies invasivas ocupan unha grande superficie na zona. Tampouco o risco de esvaramento ten diminuído, a plataforma sobre a que se ía a construír a pista debilitase a medida que a erosión actúa sobre os materiais desprotexidos que a forman.

A protección das canles dos ríos, sobre todo nas partes altas do seu curso, é fundamental de cara a conservar os recursos hídricos, a calidade da auga, o bo estado dos ecosistemas e os beneficios asociados ao seu uso, a degradación ambiental que sofre nesta zona o Río Verdugo está prexudicar á calidade da auga, á dinámica erosiva, á estabilidade do ecosistema fluvial e do bosque de ribeira e ao patrimonio etnográfico que nos permite recordar os usos tradicionais dos nosos ríos, sendo urxente tomar medidas para evitar máis danos futuros.

Diante desta situación, a APDR ven de presentar unha nova denuncia diante da Consellería de Medio Ambiente explicando o agravamento que se está a producir da situación de degradación que sofre o Río Verdugo e o seu bosque de ribeira e solicitando unha vez máis que se inicien actuacións que permitan recuperar, na medida do posible, o estado orixinal do río.

Pontevedra, 8 de setembro de 2008

Pola Asociación Pola Defensa da Ría, Benito Andrade

